



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN ATLETISMO.”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en organización e control de obras de construción”, emite o seguinte:

INFORME

1.Marco normativo e competencial

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sinala que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, configura no seu artigo 3 as ensinanzas deportivas como ensinanzas de carácter especial e o seu artigo 63.4 sinala que o currículo das ensinanzas deportivas axustarase ás exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional e ao establecido no número 3 do artigo 6.bis da lei orgánica.

De conformidade co artigo 64.5 o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de ensinanzas deportivas, os aspectos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



básicos do currículo de cada unha delas e os requisitos mínimos dos centros en que se poderán impartir as ensinanzas respectivas.

Desenvolvendo estas previsións aprobouse o Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial, cuxo artigo 5 define a organización básica das ensinanzas deportivas, tomando como base as modalidades deportivas e, se for o caso, as súas especialidades, de conformidade co recoñecemento outorgado polo Consello Superior de Deportes de acordo co artigo 8.b) da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

O artigo 16.3 do citado real decreto dispón que as administracións competentes establecerán o currículo das modalidades e, se for o caso, as especialidades deportivas, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta a realidade do sistema deportivo no territorio da súa competencia coa finalidade de que as ensinanzas deportivas respondan ás súas necesidades de cualificación.

Neste senso, aprobouse o Real decreto 668/2013, do 6 de setembro, polo que se establece o título de técnico deportivo superior en Atletismo e se fixan as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso.

Segundo o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, corresponde á secretaría xeral técnica emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería e tramitalos.

2. Acerto e oportunidade

Logo de que o Goberno fixase no Real decreto 668/2013, do 6 de setembro, o perfil profesional do ciclo de técnico deportivo superior en Atletismo, as súas ensinanzas mínimas e aqueles outros aspectos da ordenación académica que constitúen os aspectos básicos do currículo,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



procede determinar, no ámbito de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a ampliación e contextualización dos contidos dos módulos de ensino deportivo incluídos no ciclo de grao superior, respectando os seus perfís profesionais.

Por outra banda, os centros de ensinanzas deportivas desenvolverán os currículos establecidos neste decreto co obxecto de adaptar a programación e a metodoloxía do currículo ás características do alumnado e ás posibilidades formativas do seu contorno, empregando, se for o caso, as medidas flexibilizadoras que, no marco da normativa vixente, posibiliten adecuacións particulares do currículo en cada centro de acordo cos recursos dispoñibles, sen que en ningún caso supoña a supresión de obxectivos que afecten o perfil profesional de cada ciclo.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Vicesecretaría Xeral o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, (artigo 41.2. apartados a), b), d), da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Unha memoria económico-financeira.
- Unha táboa de vixencias.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Consellería, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Xunta de Galicia (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro). Con data do 20 de decembro de 2016 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe no que indicaba que non se recibiron alegacións neste período de exposición pública.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido no artigo 42 da LOFAXGA así como na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse informes á Secretaría Xeral de Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, e o texto remitiuse para o seu estudo ao Consello Escolar de Galicia.

A Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe favorable con data do 26 de setembro de 2016 e a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o seu informe de impacto de xénero con data do 14 de xullo de 2016. Así mesmo, na súa xuntanza do 20 de decembro de 2016 o Consello Escolar de Galicia emitiu o seu ditame en relación co proxecto de decreto. Con data do 20 de decembro de 2016 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe no que se pronunciaba sobre as suxestións recibidas no informe da Secretaría Xeral de Igualdade. Así mesmo, con data do 26 de decembro de 2016 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe no que se pronunciaba sobre as suxestións recibidas no ditame do Consello Escolar de Galicia.

Con data do 27 de febreiro de 2017 emitiu o seu informe a Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e con data do 7 de marzo de 2017 a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa emitiu un informe no que se pronunciaba sobre as suxestións recibidas no dito informe de Asesoría Xurídica.

4. Legalidade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



O proxecto someterase á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e finalmente remitirase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o **informa favorablemente** (artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

secretario xeral técnico



desús Oitavén Barcala

